

AXUDA PARA ESTADÍAS PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

Segundo a Orde do 30 de xuño de 2023, pola que se establecen as axudas para a formación de doutores e doutoras do programa de Doutoramentos Industriais, no *artigo 20. Documentación que se debe entregar para a realización da estadía*, no caso de ter solicitado a axuda para estadía, antes do **31 de outubro de 2024** ou no prazo dun mes desde a data de comezo dos contratos no caso das persoas que acceden a través da lista de espera, a **entidade beneficiaria** deberá remitirlle á **Axencia Galega de Innovación e á SXU** a seguinte documentación:

- a) Plan de traballo asinado pola persoa contratada e co visto e praxe da persoa directora da tese.*
- b) Carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente. O centro de destino deberá estar situado nun país incluído na zona que se indicou na solicitude e pola que se concedeu a axuda.*
- c) Autorización de ausencia da entidade beneficiaria.*

Antes do inicio do período de estadía, a Axencia Galega de Innovación e a SXU publicarán nas súas páxinas web a relación de persoas que desfrutarán de estadía, con indicación da entidade contratante, o país e a zona de destino.

Presentación de documentación

- [Sede electrónica da Xunta de Galicia](#)

Achegarase a documentación no procedemento que dou lugar á solicitude (IN606D), mediante a "Achega de documentación separada da solicitude"

Máis información

- No correo electrónico: **axudascentros.gain@xunta.gal**
- No teléfono: **981 337 133**

REALIZACIÓN DAS ESTADÍAS

As estadías serán continuadas e terán que realizarse entre o **1 de xaneiro de 2025 e o 31 de outubro de 2025** e asegurar un grao de mobilidade e de internacionalización ao que non se puidese ter accedido por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia, país de orixe ou nacionalidade, e en ningún caso poderá ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

Durante o período de estadía, a entidade beneficiaria terá que subscribir para cada persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total de estadía efectiva.

XUSTIFICACIÓN E PAGO

Esta axuda financiarase nun pagamento único no exercicio 2025 (**5ª xustificación: de abril de 2023 a setembro de 2025, ambos os meses incluídos**) previa xustificación dos gastos e da presentación da memoria da estadía realizada.

Prazo máximo para a xustificación: **30 de novembro de 2025.**